



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
INFRAESTRUTURAS  
E MOBILIDADE

Axencia Galega de **Infraestruturas**

---

EIXO DE MOBILIDADE SOSTIBLE EN OURENSE  
TREITO:  
OS REMEDIOS - EXPOOURENSE (SENDA RÍO BARBAÑA)

---

## 1 Obxecto da Actuación

O presente proxecto ten por obxecto a definición das actuacións necesarias para desenvolver o eixo de mobilidade sostible entre Os Remedios e ExpoOurense, ao longo do río Barbaña, e mellorar os itinerarios peonís actuais.

A actuación discorre íntegramente polo concello de Ourense e terá un dobre obxectivo:

- fomentar a mobilidade sostible para os veciños de Ourense
- ofrecer aos visitantes un itinerario accesible e seguro para acceder a algúns dos principais referentes turísticos ou servizos de interese no ámbito metropolitano.

Este treito aproveitará, partindo da estación, o espazo que ofrece o percorrido do río Barbaña, prolongándose nos seus extremos para conseguir unir os puntos para peóns e ciclistas.

## 2 Plan de Estradas

A estrada na que se realizan as obras é de titularidade municipal.

## 3 Descrición da Actuación

A actuación divídese en varios treitos:

- *Consolidación beirarrúa existente Avda. das Caldas*: Na marxe dereita do estribo norte da Ponte Vella de Ourense ao final da Avda das Caldas.

Demolerase a beirarrúa existente, deseñárase unha nova estrutura metálica que independice o acceso a portais e negocios existentes e recuperárase o estribo dereito.

- *Treito: Os Remedios-Praza de Abastos*: Comeza ao final da Ponte Vella, cruza a Avda. Pardo de Cela e conecta co parque Antón Failde; pretende dar continuidade á senda que ven da Ponte Romana, salientar as vistas sobre o río e crear un espazo que albergará zonas de estar, zonas de xogos e árbores.

Este espazo salvará unha cota de uns 6,50 m convertíndose nunha escalinata que permita o tránsito e o disfrute das vistas.

Paralelo a este trazado proxectase un carril-bici que se separa do sendeiro unha vez cruza a avda. Pardo de Cela.

No resto do treito realizaranse actuacións puntuais sobre a iluminación, adecuación ou diferenciación de pavimentos e reposición ou instalación de mobiliario urbano.

- *Treito: Paseo das Burgas (Abastos - A Molinera)*. Acondicionarase o paseo existente e darase continuidade na zona na que se interrompe (entre a Praza de Abastos e A Molinera). No inicio e final do treito realizaranse unhas estruturas de madeira que sirvan de transición entre o novo treito e os existentes.

- *Treito: As Burgas - ExpoOurense*. A actuación consistirá no ensanche das escaleiras existentes ao final da senda pola marxe dereita do río Barbaña, co fin de mellorar o acceso ó pavillón Paco Paz e ExpoOurense.

- *Humanización e acondicionamento do paseo existente*. Realizaranse ademais actuacións puntuais en diversas zonas dos espazos públicos actuais co obxecto de reordenar os espazos existentes:

Implantarase arbolado para favorecer a sombra, mobiliario urbano, zonas axardinadas, reforzarse a iluminación, mellorarase os cruces, zonas videovixiadas, mellora da sinalización, zonas de estacionamento,

## 4 Características Técnicas

### - Seccións tipo

Senda mixta..... Variable (4 a 6 metros)

Beirarrúa..... Variable mínimo 1,80 m

Carril bici..... Mínimo 3,00 m

### - Firmes e pavimentos

- **Calzada e aparcadoiro**: fresado de 5 cm de firme actual e reposición con MBQ tipo AC16 surf S 50/70 previa rega de adherencia tipo C60B3 TER

- **Carril ciclista**: 20 cm de saburra artificial tipo ZA-20 e unha capa de pavimento contínuo HF-3,5 de 16 cm de espesor e de cor terrizo.

- **Beirarrúas e paseos**: Sobre 20 cm de saburra artificial aplicarase unha capa de 10 cm de formigón tipo HM-20, 4 cm de morteiro e por último lousa de pedra granítica de 60 x 40 x 6 cm ou pavimento contínuo de formigón coloreado HF-3,5

- **Bordos**: entre as beirarrúas e as zonas verdes colocárase un bordo de granito de 22 x 20 cm sobre asento de formigón de 10 cm de espesor.

**Zonas estanciais**: Lousa granítica gris con acabado abuxardado de 60 x 40 x 6 cm colocado sobre capa de 4 cm de morteiro sobre soleira de formigón HM-20 de 10 cm, pavimento de caucho continuo en zonas infantís.

### - Estructuras

Onde sexa necesario elevar a senda no río Barbaña, ou conectar treitos existentes empregárase pasarelas de madeira.

## 5 Poboación Servida

Ourense 104.596 habitantes

## 6 Concellos Afectados

Ourense

## 7 Expropiacións

Parcelas afectadas: 19 parcelas cunha superficie de expropiación de 5.404 m<sup>2</sup> no Concello de Ourense

Expropiación Terreos 135.300,00 €

Bens afectados 1.350,00 €

Premio de afección 5% 6.832,50 €

Total 143.482,50 €

## 8 Prazo de execución

O prazo de execución estímase en CATORCE (14) meses.

## 9 Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (máis 21% IVE) 3.849.500,66 €

Orzamento Expropiacións 143.482,50 €


Orzamento Servizos Afectados 150.000,00 €

Orzamento Vixiancia Ambiental 3.000,00 €

Orzamento Seguimento Arqueolóxico 3.000,00 €

Orzamento para Coñecemento da Administración 4.148.983,16 €

## Situación



## Plano de conxunto

